

DECRETO DA ALCALDÍA

DESCRICIÓN DECRETO: APROBACIÓN BASES DA CAMPAÑA PRESUME DE ARZÚA CO TEU MELLOR SORRISO.

EXPEDIENTE: 2025/X999/000111

CONCELLEIRA DE TURISMO: DONA BEGOÑA BALADO CONDE

Vistas as bases reguladoras da campaña “Presume de Arzúa co teu mellor Sorriso”, que constan no expediente, asinadas por Dona Begoña Balado Conde na data de 31.07.2025, que literalmente di:

“BASES DA CAMPAÑA

“PRESUME DE ARZÚA CO TEU MELLOR SORRISO”

1. Entidade organizadora

A presente campaña é organizada pola **Concellería de Turismo do Concello de Arzúa**, con domicilio social en:

Concello de Arzúa

Rúa de Santiago, 2. 15810 – Arzúa (A Coruña). Teléfono: (+34)

981 500 000 / 981 815 001

E-mail: info@turismoarzua.gal

CIF: **P1500600J**

2. Obxectivo da campaña

Promover os **establecementos de Arzúa (comercios, restauración, hostalería e servizos)** mediante a participación cidadá nas redes sociais.

3. Datas de participación

A campaña desenvolverase do **1 ao 10 de agosto de 2025** (ambos incluídos).

4. Como participar

1. Sacar unha foto tipo selfie no teu establecemento favorito de Arzúa.
2. Subir a foto a **Instagram** ou **Facebook**, utilizando o hashtag **#EuPresumoDeArzúa**.
3. **Etiquetar a conta oficial de Arzúa Turismo** na publicación.
4. Asegurarse de que a publicación sexa **pública** para que poida ser vista pola organización.

5. Condicións de participación

- Poden participar persoas maiores de **18 anos**.
- Cada participante pode subir tantas fotos como desexe, sempre que cumpran os requisitos.
- As imaxes deben ser propias e contar co consentimento das persoas que aparezan nelas.
- Arzúa Turismo poderá compartir as fotos participantes nas súas redes sociais.
- Quedarán excluídas as participacións que conteñan contido ofensivo, inadecuado ou contrario á lei.

6. Premios

Entre todos os participantes sortearanse os seguintes premios:

- 1 estancia de dúas noites nunha casa da aldea **A Painza para un máximo de 6 persoas en réxime de só aloxamento e baixo disponibilidad**.
- 1 estancia dunha noite para dúas persoas con almuerzo e acceso a spa (1 hora) no **Hotel A Curuxa**.
- 1 actividade de descenso en kayak polo río Ulla para 4 persoas con **Ullaxtreme**.
- O custo económico dos premios será sufragado polas empresas patrocinadoras do sorteo: Aldea A Painza, Ullaxtreme e Hotel A Curuxa.

7. Sorteo

O sorteo realizarase o día **11 de agosto de 2025** mediante un sistema aleatorio. Os gañadores serán anunciados nas redes sociais de **Arzúa Turismo**.

8. Aceptación das bases

A participación nesta campaña implica a aceptación íntegra destas bases.

Visto o informe favorable de Secretaría de data 31.07.2025,

En virtude da competencia que me outorga a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESVOLVO:**

Primeiro.- Aprobar as bases da campaña “ Presume de Arzúa co teu mellor sorriso”, transcritas neste Decreto.

Segundo.-: Publicar o presente Decreto no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello de Arzúa.

Concelleira de Turismo

Asdo.: Begoña Balado Conde

Dou fe, o secretario

Asdo.: Alfonso Manuel Alcalá Pérez.